

FIADDEIRO



NADAL - 98

CEIP DE BELUSO

INDICE

EDITORIAL
DEDICATORIA: GLORIA FUERTES

XA ESTAMOS AQUÍ
OS MESES DO ANO

ADIVIÑAS
O TEATRO JUAN PANTERA

OS PEQUENIÑOS E O SAN MARTIÑO
OS CHISTES MÁIS CHISTOSOS

DEFINICIÓNS
O NADAL VISTO POR NÓS

NADAL CON NACEMENTO VIVENTE
NADAL

UN DÍA DE EXCURSIÓN
POESÍAS

O FURACÁN MITCH
O CAMIÑO DE SANTIAGO

O MAGOSTO
A CENTOLA

CONTOS
ENTREVISTA

DEPORTES
PASATEMPOS

CHISTES
ADIVIÑAS. REFRÁNS.



EDITORIAL




Un ano máis o **FIADDEIRO** ve a luz. Nace co Nadal pisándolle-los talóns. É un fermoso momento, un tempo de solidariedade e paz para recordarnos dos menos favorecidos.

Este ano un terrible furacán asolou terras afastadas, pero cercanas no noso corazón. As familias do CEIP de Beluso contribuíron xenerosamente a palia-la desgracia dos que o perderon todo. É un bo exercicio do que nós, os vossos fillos, nos sentimos moi orgullosos.

O Nadal é un tempo para xuntarse as familias e de proporse novas metas para o Aninovo – o derradeiro do século XX – unha das que vos propoñemos é a de escribir no **FIADDEIRO**.

Un saúdo e...

¡¡ Feliz Nadal !!



GLORIA FUERTES



Gloria Fuertes naceu en Madrid no abril de 1918 e finou en novembro de 1998.

Autora de infinidade de contos, obras teatrais, poesías tales coma: *Las tres magas de Oriente*, *Coleta payasa*, *¿Qué pasa?*, *La pajara pinta*, *Antología poética*, *La gata Chundarata*, *Que estás en la Tierra ...*, dedicados todos eles ó seu gran amor: OS NENOS.

Escribiu os libros de poemas que máis nenos e nenas escoitaron na boca das súas nais antes de durmir.

¿Quen non sabe, polo menos, cantar aquilo de "Un globo, dos globos, tres globos..."

¡Gracias Gloria!

amor

Querer a alguian que no es de tu familia.
Querer a tu familia,
querer a quien más quieres,
querer a todo el mundo,
eso es amor

♥ y lo demás cucarachas.



El camello (Auto de los Reyes Magos).

*El camello se pinchó
con un cardo del camino
y el mecánico Melchor
le dio vino.*

*Baltasar
fue a... repostar,
más allá del quinto pino...
e intranquilo el gran Melchor
consultaba su «Longinos».*

*—¡No llegamos,
no llegamos
y el Santo Parto ha venido!*

*—Son las doce y tres minutos
y tres reyes se han perdido.*

*El camello cojeando,
más medio muerto que vivo,
va, despeluchando su felpa
entre los troncos de olivos.*

*Acercándose a Gaspar,
Melchor le dijo al oído:
—¡Vaya birria de camello
que en Oriente te han vendido!*

*A la entrada de Belén
al camello le dio hipo.
¡Ay que tristeza tan grande
en su belfo y en su tipo!*

*Se iba cayendo la mirra
a lo largo del camino,
Baltasar lleva los cofres,
Melchor empujaba al bicho.*

*Y a las tantas ya del alba
—ya cantaban pajarillos—,
los tres reyes se quedaron
boquiabiertos e indecisos,
oyendo hablar como a un Hombre
a un Niño recién nacido.*

*—No quiero oro ni incienso
ni esos tesoros tan fríos,
quiero al camello, le quiero,
le quiero —repitió el Niño.*

*A pie vuelven los tres reyes
cabizbajos y afligidos,
mientras el camello echado,
le hace cosquillas al Niño.*



!! XA ESTAMOS AQUI !!

SOMOS

OS NOVOS



ADRIAN

PATRICIA

IRENE



MÓNICA



GRACIELA



LORENA



UXIA



RAQUEL



CARMEN



GUILLERMO



KELLY



JENI



DANIEL



PABLO



IVAN



AARÓN



ELSA



IDOYA



JUDIT



PABLO



JACOBO



LAURA



UXIA



MIRIAM



SERGIO



JESÚS



CARME



MIGUEL



ANGELA



ALEXANDRA



VICTOR



MIGUEL




SHEILA


Alumnos de 3 anos que se incorporaron á escola neste curso

OS MESES DO ANO


TANTOS DIAS TEN
TANTOS LOBOS NO XANEIRO,
CARREIRO



VAITE FEBREIRO CURTO,
COS TEUS DIAS VINTEOTTO
QUE SI TIVES ES MAIS CATRO,
NON QUEDA BACANINGATO



MARZO, MARZAN,
POLA MAÑAN CARIA DE ROSA,
POLA TARDE CARA DE CAN




EN ABRIL AUGAS MIL
E TOAS CABEN NUN BARRIL



A AUGA DE MAIO
NON FAI DANO




EN SAN XOAN
A SARDINA MOLLA O PAN




EN XULLO BEBER E SUAR
E O FRESCO EN BALDE BUSCAR



EN AGOSTO, CORRE O SOL COMO LOSTREGO,
VELO ALTO E VELO POSTO




SEPTIEMBRE OU LEVA AS PONTES
OU SECA AS FONTES



A LUA DE OCTUBRE
SETE CUBRE



QUEN CAVA EN NOVIEMBRE
O TEMPO PERDE



DIAS DE DECEMBRO
DIAS DE AMARGURA,
APENAS E MENCER
E NOITE ESCURA



ADIVIÑAS

EL BURRO ME LLEVA A CUESTAS
 BIEN METIDA EN UN BAÚL;
 YO NO LATUVE JAMÁS,
 Y SIEMPRE LA LLEVASTO.

ADIVINANZAS
 SOY UN PALITO
 MUY DERECHITO
 Y EN LA CABEZA
 TENGO UN MOSQUITO.

A
D
I
V
I
Ñ
A
S

LA ÚLTIMA SOY DEL CIELO
 Y EN DIOS EL TERCER LUGAR
 SIEMPRE ME VEE EN NAVIO
 Y NUNCA ESTOY EN EL MAR.



I
N
F
A
N
T
I
L

EN MEDIO DEL CIELO ESTOY
 SIN SER LUCERO NI ESTRELLA
 SIN SER SOL NI LUNABELLA
 ¿A VER SI ACIERTAS QUIEN SOY?

EN EL MAR Y NO ME MOJO;
 EN BRASAS Y NO ME ABRASO;
 EN EL AIRE Y NO ME CAIGO
 Y ME TIENES EN TUS BRAZOS


FIADDEIRO

CINTIA · 5 AÑOS · BON




DARIO · 5 AÑOS ·

BON




HUGO



O
T
E
A
T
R
O

J
U
A
N
P
A
N
T
E
R
E

OS PEQUENIÑOS E O SAN MARTIÑO



ANTES DE SAN MARTIÑO,
 PAV E VIÑO
 E DE SAN MARTIÑO EN DIANTE
 FAME E FRIO.

DIANA. 5 AÑOS.

BON.

PO LO SAN MARTIÑO
 TROMPOS ó CAMIÑO
 E POLO SAN AMARO
 TROMPOS ó FAIADO.

CINTIA. 5 AÑOS. BON.

EN SAM MARTIÑO

BOTA O TEU ALLIÑO

E EN NAVIDAD

VAS MIRAR COMO ESTÁ.

DARIO. 5 AÑOS. BON

EN SAN MARTIÑO

MATA O TEU PORQUIÑO

MAURO. 4 AÑOS
 BAN

A CADA PORQUIÑO

LLE CHEGA O SEU

SAN MARTIÑO

CARLOS. 5. BON

O VERÁN DE SAN MARTIÑO
 DURA TRES DIAS E UN POUQUIÑO



ALBERTO. 5 AÑOS. BON.





s chistes mais chistosos. 1ª


Que lle di un pato a outro: estamos Empatados.



SANTI

ERASE UNHA VEZ XAIMITO QUE IA EN BICI E DIXOLLE A SUA MAMA:

- MAMA, MIRA SIN PÉS.
- MIRA, SIN MANS.
- MIRA, ... SIN DENTES..



REBECA


O PARVO E O LISTO

ERA UNHA VEZ UN PARVO E UN LISTO. VAI O LISTO E ROMPE UNHA TELLA. SALE O AMO A VENTÁ:

- ¿QUEN ANDA AHI?
- MIAU, MIAU - DI O LISTO.

VAI O PARVO E ROMPE OUTRA TELLA. SALE O AMO A VENTÁ:

- ¿QUEN ANDA AHI?
- OUTRO GATO - DIXO O PARVO.



ANA BARROS




SALVA

DEFINICIÓNS

LÚA

- Sae pola noite. É redonda.
- Fai luz pola noite. É bonita.
- Alumea ós coches.
- Van os foguetes.




COLAR

- Pose no pescozo e ten boliñas brillantes para ir fermosas.




CUMPREANOS

- Cando naces. Comes tarta.
- Invítante os amigos e levas regalos.
- Póñense globiños.



MAR

- É auga e praia.
- Hai vida, pescadiños e caramuxos.
- É salgada, para que vivan os peixes.
- Cando hai vento fanse ondas.
- Saes fóra de cala e vas ós barcos e tiraste.



MESTRE

- Enséñalles ós nenos a traballar.
- Vixílaos no patio.
- Enfádanse.



ROBERTO CARLOS

- É calvo e forte.
- Cando fai fríoponse luvas.
- Tira "furóns" de disparos de falta.
- Marca moitos goles.
- Cando mete un gol quítase a camiseta.



Alumnos de 2º

O NADAL VISTO POR NÓS

O Nadal é lambetadas e deitarse tarde. Primeiro decoramo-la clase con guirnaldas, beléns e botamos neve nas fiestras coa forma de anxos e campás. Tamén facemos postais do Nadal para os nosos pais. No festival do Colexio tódolos nenos cantamos panxoliñas e vestímonos de pastores ou da Virxe María. Os mestres están ledos.



Se hai neve gústanos esquiar cunha táboa de surf ou cun plástico ou cun recolledor da nosa nai e "ir a toda leche". Tirámonos bolas de neve uns a outros e, se hai moita, moita neve, facemos un boneco co nariz de cenoria. Imos a grandes almacéns cos nosos pais e todo o teito está decorado coas campás de luces e na entrada hai un trono cun Rei Mago que te colle nos brazos e bícate na cara. Na rúa hai árbores plantadas con luces.

Na casa facemos un belén. O que máis nos gusta é o río de aluminio e os pastores. Decoramo-la casa con campás e estrelas. Tamén temos un belén pequeniño como con nenos.

Eses días deitámonos tarde porque imos comer á dos avós e rematamos moi tarde. Ás veces dormimos cos curmáns.

Gústanos o turrón e os pasteis. As noces cascámolas cun martelo ou co pé e tamén poñéndoas na porta, aínda que a nosa nai non nos deixa. Ás veces tomamos champán que sabe a pica-pica e ten boliñas que suben.

O día das uvas pasámolo moi mal se non vén noso pai. Falamos con el por teléfono. A veces non tomamo-las uvas, porque nos quedamos dormidos antes.

Os Reis Magos deixan regalos e lambetadas polo patio a cambio de auga e herba para os camelos. Queremos poñerlle unha trampa, cunha cámara de grabar e ver como poñen os xoguetes e con canicas polo chan para que caian e os poidamos oír. O día das uvas axudamos a pela-la piña e bebemos sidra.

Alumnos de 2º.



NADAL CON NACEMENTO VIVENTE

O ano pasado cando estaban rematando as clases para comezar as vacacións de Nadal, os nenos estaban ledos porque ían faer un Belén vivente. Despois de facelo irían todos ó colexio nunha cabalgata con moitos nenos.

Un boneco faría de Xesús. A profesora sempre dicía:

- María, ti vas facer de María, ti Fernando, de Xosé e os demáis de pastores. A roupa poñémola nós.

Unha nena chamada Inés preguntoulle á profesora:

-¿Por que María fai de María e non o fago eu?

- Porque ti te-lo pelo amarelo e ela ten o pelo moreno, e parécese máis a María - contestou a profesora.

A noite do Belén saiu todo ben . E despois chegou a noite de Papá Noel e tódolos nenos f'ronse cedo para cama.

Papá Noel enterárase de que no Colexio de Beluso fixeran un Belén vivente. Entón foi ás casas dos nenos e levoulles xoguetes e viu se lle deixaran algo para comer el e herba e auga para os seus renos.



Sabela Miranda Rodríguez 3º B



O NADAL



Hai moitos anos naceu en Belén, na provincia de Nazaret, un neno chamado Xesús. Era o fillo de Deus. E veu a terra a saloarnos e a pedir por nos a Deus.

Dende entón, celebramos o seu nacemento o día 25 de Decembro. A estas festas do nacemento de Xesús, chamamoslle Nadal.

No Nadal todo é alegría e a familia xúntase para celebralo. Hai varios días de festa: Noiteboa, Nadal e tamén o día de Fin de ano. Despois veñen os Reis. O que a min mais me gusta é o día de Noiteboa, porque é cando nos xuntamos toda a familia e tamén porque é cando celebramos o nacemento de Xesús.

Nestas festas, cómense turrón e mazapán e, a veces, algunha froita como, piña, melocotón, melón, coco etc. O Nadal é moi bonito porque a veces celebrámola toda a familia. O día de Reis, os Reis Magos nos traen regalos os nenos. A algúns traenlle regalos e cartos, e a outros, por portarse mal, traenlle carbón.

Fin

IRIA 3º B



O NADAL

O Nadal é unha festa relixiosa na que se fan ceremonias de culto, misas e bendición papal.

O intercambio de regalos expresa a tenrura e a bondade e é unha proba de paz.

Tamén na antigüidade se destinaba o día de Nadal á práctica de cambiarse regalos ou felicitacións. Esta práctica foi copiada da que xa existía en Roma o día primeiro do ano, chamado día de estrear.

O pesebre e o nacemento é unha representación do pobo de Belén, co neno Xesús, os pais, os adoradores, os pastores e os Reis Magos.

A Igrexa esfórzase por mostrar a ocasión como algo que ten que ver coa celebración do nacemento de Xesucristo.

Os protestantes substituíron a imaxe do nacemento pola dun home ancián, chamado Papa Noel, sacado da mitoloxía do deus Thor.

O abeto que tamén se coloca nos fogares por estas datas, substitúe ó carballo no que os druidas celtas depositaban ofrendas ós seus deuses. Este abeto adórnase con grinaldas, velas, luces e obxectos multicolores.

En España, son máis ben os Reis Magos os que distribúen os regalos o seis de xaneiro e non tanto Papa Noel polo Nadal.

Pola Epifanía, conmemórase o feito da entrega dos regalos ó neno Xesús.




Alicia Pousada
 Manuel Piñón 6° B
 Rodolfo Martínez

O NADAL

A ÁRBORE DE NADAL DOS BONECOS DE NEVE

Caíra tanta neve durante a noite, que pola mañá. os nenos fixeron moitos bonecos de neve. De feito, fixeron homes de neve, mulleres de neve e un can e un gato de neve.



Fixéronos arredor dun abeto, no medio da herba. Parecían unha familia.

Imos adorar ó abeto, e nosa familia de neve terá a súa propia árbore de Nadal.

Os nenos colgaron das ramas coroas de mazáns secas, cáscaras de coco, cadenetas de calabacíns e figuras de pan seco.

É un regalo de Nadal para os paxaros -dixo un dos nenos.

Durante a noite, todos durmían.

Á mañá seguinte espertaron, foron á árbore de Nadal e encontrárono cheo de paxaros, comendo os adornos e cheo de regalos. Foi un Nadal extraordinario.

María Canosa Costas 6º A

A TRADICIÓN DO DÍA DE REIS

Contáronme un día os meus avós, que cando eles eran pequenos, en Beluso cantábanse os Reis.

O sacristán de Beluso, naquel tempo ensaiaba a un grupo de persoas para ir cantar por todo o pobo.

Uns representaban ós Reis, as mulleres fisfrazábanse e os homes poñían gorros ou algún adorno.



Andaban por todo o pobo e parábanse nas tabernas e nas casas das xentes máis ricas, onde lles poñían algo para comer e beber.

Eran seguidos polos nenos das aldeas.

O domingo despois do día de Reis ían cantar á Illa de Ons.

Esta era a tradición que había naqueles tempos.

Estefanía 6º A

UN DÍA DE EXCURSIÓN


Lúa Vilas 4ºB



Así foi, e foron as 2 a excursión ás 11'30h



Así foron as cousas e chegaron ata un campo de flores



Elas pasáronomei ben e acabou a excursión e tiveron que ir para casa



POESÍAS

OS MARIÑEIRO DO MAR


Chegan os mariñeiros,
cansados do mar,
pobres mariñeiríños,
tan cansados de remar.

Mariñeiríños do mar,
son mariñeiros cansados,
pescadores do pasado,
pescadores dos mercados.

Mariñeiros abraiados
polo faro que os guía,
observando as gaivotas,
como gritan: ¡Pío, Pío!.

Cantando os mariñeiros,
van chegando ata o porto,
bican ás súas mulleres
e venden o peixe morto.

Clara M^a. González Fdz.5^oA.



O MAR

Mar mariñeiro
do mar será,
compra un barco
e a navegar.

Pesca, pesca,
mariñeiro do mar,
solta os aparellos
e a navegar.

Rema, rema,
mariñeiro do mar,
sae a faenar
e a navegar.

**Lloel Manuel
Otero. 6^o B.**

O MAR

Non lle teñas medo ó vento,
que o vento sopra no mar;
os peixes van pola ría,
porque o mar ten moito sal.

Marea non te me vaias,
han de vir nenos e nenas
a cantar unha canción
antes de chegar a cea.

O cabalo está no mar
cun cascabel amarelo,
tenche o nariz moi grande
e uns ollos que dan medo.

Desde estas rochas miramos
unha paisaxe bonita,
vese a illa de Ons
e a un submarinista.

David Iglesias Agulla. 5^o B.

O MAR AZULADO

O mar azulado,
barca amarela,
no ceo enamorado
da rocha vermella.

Os peixes saltando
por augas xeadas
e todos xogando
nos mares de fadas.

Aparecen algas,
pedras corredizas...,
parecen retratos
de cousas perdidas.

Rosalía Martínez. 6^o B.



A LEBRE, O GOLPE E O LAGARTO POLO NADAL


Un día de outono fomos
para a cama a dormir,
ó levantarnos da cama
vin moscas, deixeiñas ir.

Entón vin un golpe xunto
a unha lebre branca viva
xogando coa lebre nun
monte onde ela dormía.

Entón o golpe xogaba
coa lebre na ladeira
do monte da Paradela,
de gran extensa pradeira.

Cando chegou ó lameiro
o golpe foi pola herba
e comeu a un lagarto
que estaba deitado nela.

J. Roberto Valverde.5^o B.



O MAR

Poucas veces me alonxei
moitas millas deste mar
e cando veño de volta
corro outra vez a nadar.

Porque non hai fermosura
que eu queira así amar
como esa inmensidade,
esa que chamamos mar.

Cando estamos no verán,
e eu só penso en xogar,
voume ata o océano
e póño-me a nadar.

Logo nos vamos ó cole,
xa me teño que olvidar
de tanto como disfruto
cando estou preto do mar.

Aínda que ás veces penso
que o debería odiar,
o meu pai é mariñeiro,
alónxao de min o mar.

Avó, tío e padriño,
xa se foron traballar,
outra vez estou sen eles,
xa mos levou o gran mar.

A pesares destas cousas
xamais podería odiar
esa piscina tan grande,
noso océano, meu mar.

Ana Isabel González. 5º A.



OS MARIÑEIROS

Os mariñeiros traballan
collendo polvos e vieiras,
perdendo o tempo e sufrindo
nos mares altos e na ribeira.

Arriba e abaixo van,
ondas que o vento levanta
en mares de lúa chea
con fortes mareas altas.

Ese mar de ondas falsas
sempre está escuro ó pasar,
ondiñas veñen deixando
bancos de peixe no mar.

Pola noite acompañados
coas estrelas e a lúa,
traballando sen parar
e collendo molladuras.

Os mariñeiros navegan
dun lugar a outro lugar,
ventos e correntes levan
os mariñeiros cara ó seu lar.

Pola noite están loitando,
polo día descansando,
e as redes e as nasas
á tarde van preparando.

A vida dos mariñeiros,
mentres as ondas se van,
está vendida ó perigo
e moitos non volverán.

Nas casas as súas mulleres
esperan desesperadas
ata a mañanciña cedo
a que cheguen da descarga.

Lorena Vilas Otero. 6º B.



O NADAL

No Nadal come turrón
e bebe moito champán,
come as uvas axiña e...
ten coidado ó tragar.

Xa chega Papá Noel
co seu trineo moi máxico
onde trae os xoguetes
cos que xogas todo o ano.

E despois os Reis Magos,
nos seus camelos dourados,
traen roupa e xoguetes,
déixalle un papel firmado.

Antes de ir ó colexio
xoga cos teus xoguetiños;
as vacacións duran pouco,
traballarei a cotío.

Ana Mendiña Pastoriza. 5º B.

O FURACÁN "MITCH"



O furacán que máis dano fixo neste século naceu nas costas de Colombia o 21 de outubro en forma de onda tropical. Despois dun lento avance cara ó noroeste, o seu centro situouse sobre Nicaragua e Honduras, onde provocou ventos de cerca de 200 Km. por hora. Alí detívose durante tres días e desatou unha cadea de desastres naturais. Seguiu cara ó norte polas costas de México, Belice e Costa Rica ata chegar xa debilitado a Florida 12 días despois da súa formación.

Provocou máis de 25.000 mortos e desaparecidos e cerca de tres millóns de damnificados.

Os países máis afectados polo furacán Mitch foron: Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua.

Ademais de destruír gran parte das colleitas, a terra quedou sen nutrientes a causa da violencia das augas e requerirá grandes cantidades de fertilizantes para rexenerarse.

Milleiros de persoas quedaron sen as súas casas e agora están vivindo en tendas feitas con plásticos que lles mandaron outros países, entre eles España.

No noso colexio fixemos unha campaña de recollida de diñeiro para axudar a todos eses damnificados. Colaboramos tódalas aulas e fixemos unha recadación dunhas 50.000 ptas. que se ingresaron nunha conta da Cruz Vermella.



Un furacán é unha gran tormenta composta por bandas de nubes dispostas en forma espiral ó redor dun ollo.

O sistema pode conter centos de tormentas e medir ata 1.000 km. de diámetro. Os ventos poden chegar ata 300 km. por hora e as chuvias son torrenciais con ondas xigantes no mar. Pode estar activo durante semanas e avanzar miles de kilómetros.



SOLIDARÍZATE COS DAMNIFICADOS

5º B

O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación que conducía a Santiago de Compostela dende toda Europa. A súa formación remóntase ós séculos VII e VIII, cando comezou a difundirse por España a noticia de que o Apóstolo Santiago había evanxelizado a península ibérica. A mediados do século IX pode comprobarse xa o culto ó sepulcro de Santiago nas inmediacións de Iria Flavia e dous séculos máis tarde xurdiu o relato do achado do mesmo polo Bispo Teodomiro de Iria, durante o reinado de Alfonso II O Casto, relacionándoo coa aparición dunhas luces misteriosas sobre a tumba do Apóstolo.

A igrexa de Santiago adquire excepcional importancia, e como testemuña temos a cruz de ouro que ofreceron Alfonso III de Asturias e a súa dona Ximena no ano 874. Axiña comezaron a acudir en peregrinación xentes da península e fora dela por ser os restos de Santiago o único corpo de Apóstolo que podía venerarse no occidente europeo.



Antes do século XI non existe dato algún sobre os itinerarios dos posibles peregrinos. Despois do reinado do Sancho o Maior abundan xa os que permiten fixar con certeza a ruta máis concurrida. Nas súas orixes a calzada Xacobeá aparece como camiño que une ós dous grandes santuarios da cristiandade Roma e Santiago de Compostela. A partir do século XII a ruta arrancaba de Francia onde alcanzaba os Pirineos por catro itinerarios ben definidos.

Moi pronto a ruta de peregrinación convértese á vez nunha gran vía comercial e repoboadora do norte de España. Establécese un comercio moi activo con pousadas, hospitais, mercados nas cidades e gran cantidade de cambistas de moedas. No século XII pásase dun comercio agrícola a unha ruta comercial fundamentalmente mantida por xudeos e franceses.

A importancia do Camiño de Santiago na cultura empeza cando o francés Bédier cre encontrar unha clave que explicaría o xénese das grandes lendas épicas francesas do ciclo Carolinxio, tese despois moi discutida. Pero o que non podemos dudar e que dende o século XI pensábase que Carlomagno era o iniciador da peregrinación compostelana, e isto orixinaría gran cantidade de lendas e cancións de fazañas. Numerosos autores estranxeiros toman o tema das peregrinacións a Santiago de Compostela como base para as súas obras.



Rutas do Camiño do Santiago.

As rutas de toda Galicia que van a Santiago de Compostela aparecen reseñadas no debuxo anterior. Por coincidi-lo seu trazo con firmamento chámasele ó Camiño de Santiago, Vía Láctea ou "Senda do Camiño das Estrelas".

Pablo Pastoriza, Héctor Menduiña, Moisés Vilariño, 6º B

O MAGOSTO

Saímos do colexio ó redor das 9:30h. con destino a Udra. Fomos andando.

Cando chegamos fomos en grupos de catro a buscar pico. Os do meu grupo encontramos unha cova chea de pico e collémolo case todo. Despois subimos á montaña que ten un mástil onde estaba a bandeira dos soldados. Ó baixar fomos mirar o cuartel e estaba todo roto e moito lixo tirado polo chan.

Ó vir fomos comer ó antigo campo de fútbol. Cando acabamos, asamos as castañas con pico. Os profesores saltaron a fogueira e os nenos tamén.



Comemos castañas e sobraron algunhas. Logo emborrámonos todos coa borralla.

Despois xogamos ó fútbol cos profesores. Ó rematar tivemos que buscar a pelota que se perdeu no medio das silvas e non a encontramos.

Despois do partido marchamos de Udra e fomos beber á fonte de Acoradouro. Botaba pouca auga.

Regresamos para o colexio cantando a canción do Cola-Cao.

Cando chegamos ó colexio viñamos moi cansados. Ó pouco tempo tocou o timbre e marchamos para a casa.



O venres, día 6 de novembro, fomos de magosto a Cabo Udra. Ó chegar fomos buscar pico para asar as castañas. Extendemos todo o pico para que se fora secando, porque viña algo húmido, e fomos dar unha volta por case todo Udra. Pasámolo moi ben e xogamos moito. Á hora de comer buscamos unhas rochas e puxémonos enriba delas. Cada un púxose onde quixo e co grupo que quixo.

Os profesores chamáronnos para ir facer a fogueira e asar as castañas. Mentres se asaban formamos unha roda ó redor da fogueira e puxémonos a cantar. Os profesores saltaron por enriba dela e logo todos puxémonos a imitalos.

Comemos moitas castañas e algúns nenos colleron para levar para os seus pais.

Logo os nenos xogaron a fútbol. Algúns non quixeron xogar e quedáronse pintando a cara con borralla.

Despois fomos camiñando cara o colexio e mentres iamos puxémonos a cantar. Algúns nenos quedaron nas súas casas porque xa lles viña de camiño.

Pasámolo moi ben. ¡Oxalá que se repita!

Clara María González Fernández. 5ºA.

A CENTOLA

A centola é un crustáceo que vive en zonas rochosas e areosas.

Na nosa costa encóntrase desde a franxa costeira ata os cincuenta metros de fondo, sobre todo nas rías.

En Galicia a centola ten moitos nomes: centola, bruño, araña, cáncaro, cintolo, cangrexo de altura, moco, pateiro, sentola e sintolo.


Ten unha casca ou cacho moi grosso e rematado na parte de diante en dúas fortes espiñas longas e rectas. Estas espiñas ocultan completamente os glóbulos oculares.

Dispón de cinco pares de patas, dos cales o primeiro par remata en pinzas que utiliza para coller as presas e os outros catro seguintes serven para camiñar.

Aliméntase de plancto, algas, estrelas, ourizos, crustáceos, etc.


A centola, en estado adulto, acada un tamaño medio de 180-200 mm. e un peso medio de 1.200-1.500 g.

As centolas cando máis se pescan é en novembro e decembro.



Para cocela énchese unha pota con auga pola metade, bótaselle unhas follas de loureiro e o sal e déixase ferver de vinte minutos a media hora.

Cando xa está fría, cómese acompañándoa cun bo viño albariño ou tinta femia.



Antes de mercar una centola, para saber como está, hai que levantarlle a tapa de abaixo e mirarlle a vea. Se está negra a centola está mala e se está rosa a centola está boa.

A centola de Galicia diferénciase da francesa e de outra calquera, polo sabor e pola cor. A centola francesa ten o cacho máis pálido, máis convexo e menos rugoso e limpo de algas ca centola galega.

Yonatan Otero
Manuel Otero 6º B
David Otero
Javier Reiriz


CANDO PETAN NA PORTA

Fóra chovía continuamente. Unha chuvia moi fina e fría que non paraba se non era para dar paso á sarabia ou á neve. Non se podía agardar que pola noite estivese mellor despois daquel día, antes ben, todo o contrario e así foi. Agora ademais sopraba unha ventada que convertía o camiñar nun labor traballosos e desagradable. Tivo que baixar do cabalo e levalo de ramal, porque o animal desorientado polo aire e pola auga non se deixaba guiar na negrura daquela noite sen o máis mínimo lugar.

Despois sentimos ¡pum, pum!, e dixo miña nai :

- Atendede, escoitade, hai alguén aí fora.

E cando miramos pola porta era un vello vagabundo que viña pedindo casa para dormir.



Juan Álvarez 6º A

O RAPOSO E O COELLO

Érase unha vez un raposo famento que había máis dunha semana que non comera máis ca media ducia de escaravellos.

Levaba un par de días vixiando a un coello pero aínda non lle dera co tobo. Era o coello máis grande e fermoso que vira na súa vida. Ó día seguinte o raposo viu ó coello e preguntoulle :

- ¿ Coello onde vives?

E o coello respondeu:

- Vivo ó pé daquel carballo vello de alá abaixo. ¿ Por que o queres saber ? - Dixo o coello.

- E que quería invitarte a cear.

O coello estábache xa moi desconfiado das intencións do raposo e preguntoulle :

- ¿ E que vamos cear, señor raposo ?

Neste intre o raposo saltou sobre o coello dicindo ó mesmo tempo :

- Ti has ser a miña cea.


Pero o coello que estaba alerta, dando un salto máis grande aínda, esquivou ó raposo dando este cos dentes no chan.

O coello ríndose díciolle.

- Pero señor raposo como pensou vostede que cheguei a ser tan grande e vello, pois chegueille de andar desperto diante dos raposos famentos como vostede. E entre gargalladas meteuse no seu tobo.

O raposo rosmando dixo:

- Demo de coello aínda veremos se collo algún escaravello.



Gabriel Vidal Martínez 3º B

ENTREVISTA

Anxo Gago Vaqueiro é o director da Banda de Gaitas **Manxadoira** de Bueu desde a súa fundación no ano 1993.

¿Qué destacaría desde a súa fundación?

Destacaría o aumento de afición pola gaita no pobo, o aumento de compoñentes e a calidade, que foi mellorando.

¿Cales son os obxectivos da Banda?

Os obxectivos son manter a Banda así o máis tempo posible, manter a canteira e seguir traballando para superar o nivel que teñen.

¿Qué instrumentos utiliza a Banda?

Utiliza gaitas tradicionais, tambores, panderetas e bombos de pel. Tamén recuperamos instrumentos coma: charrasco, charrasqueta, tarrañolas, culleres, pandeiro, campá e cunchas.

¿Qué actuacións ten a Banda?

A Banda actúa en festas, romarías populares, festivais e campionatos de Bandas de Gaita.

¿En que consisten estes campionatos?

Funcionan como unha liga deportiva. Tes que empezar desde abaixo e ir subindo.

Cada categoría ten varias fases nas que se consegue unha puntuación. Da suma das puntuacións depende o ascenso, descenso ou manterse.

Manxadoira estivo dous anos en Cuarta categoría da Liga Galega. Subimos á Terceira e este ano ascendemos á Segunda.

Gañamos o Campionato Nacional dous anos.

Para rematar, felicitar a Anxo Gago por este gran traballo que está realizando por manter esta tradición cultural no noso Concello de Bueu.

Estefanía. 6º A.




ENGLISH



RHINOS



This is a Rhino.
Rhinos are grey.
They have got
horns and small
eyes.
They live in grass
lands in Africa and
Asia.



Rhinos are in danger.
They are in danger because
people are killing
them to sell their
horns.

MY DESERT ISLAND



On my desert island
You can see a whale
You can feel the sea
but you can't see streets
You can hear seagulls
You can smell plants
And also trees
You can see fish
You can climb a tree
And you can also see
me.



PANDA BEARS

This is a panda bear. Panda bears are black and
white. They live in China. They have got big eyes, big ears
and a small nose. They are in danger.

They are in danger because people are destroying
forests.



DESPORTES



BALONMÁN-NENAS.

Sábados, Martes e Mércores.

Xoves e Venres.

3º e 4º.		5º e 6º.	
3º A - 3º B	9 - 6	5º A - 6º A	5 - 19
4º A - 4º B	5 - 2	6º A - 5º B 6º B	9 - 1
3º B - 4º B	3 - 10	5º B 6º B - 5º A	9 - 1
3º A - 4º A	3 - 7	6º A - 5º A	17 - 2
4º A - 3º B	12 - 5	5º B 6º B - 6º A	2 - 12
4º B - 3º A	7 - 11	5º A - 5º B 6º B	6 - 0
3º B - 3º A	2 - 8	5º A - 6º A	9 - 11
4º B - 4º A	8 - 9	6º A - 5º B 6º B	11 - 0
4º B - 3º B	7 - 3	5º B 6º B - 5º A	3 - 3
4º A - 3º A	7 - 6	5 XOGADORAS + PORTEIRA.	
3º B - 4º A	1 - 9		
3º A - 4º B	1 - 3		

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
3º A.	X	X	X	X	X	X	X	X	X									
3º B.																		
4º A.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
4º B.	X	X	X	X	X	X	X	X	X									
5º A.	X	X	X	X														
5º B - 6º B.	X	X	X	X														
6º A.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X



4ºA

IRENE ALVAREZ GIL
 SARA DURAN CERVIÑO
 AIDA FERNANDEZ OTERO
 ANGELA FERNANDEZ PEREZ
 RAQUEL GOLOBARDAS ALVITE
 VANESA MARTINEZ RODRIGUEZ
 ANTIA MILLAN TORRES

6ºA



MARIA CANOSA COSTAS
 ESTEFANIA CORDEIRO BRION
 GLORIA GONZALEZ MALVIDO
 ROSA Mª IGLESIAS REGUEIRA
 SANDRA LOPEZ FERRADAS
 BARBARA LOPEZ GONZALEZ
 SILVIA MARTINEZ CANOSA

DEPORTES

BALONMÁN-NENOS

5º e 6º.	
5º A - 6º A	-
5º B - 6º B	-
5º A - 6º B	-
5º B - 6º A	-
6º B - 6º A	-
5º B - 5º A	-
6º A - 5º A	-
6º B - 5º B	-
6º B - 5º A	-
6º A - 5º B	-
6º A - 6º B	-
5º A - 5º B	-

5 XOGADORES
+
PORTEIRO.



	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
5º A																		
5º B																		
6º A																		
6º B																		

FUTBITO-NENAS.

5º e 6º	
5º A - 6º A	-
6º A - 6º B	-
6º B - 5º A	-
6º A - 5º A	-
6º B - 6º A	-
5º A - 6º B	-
5º A - 6º A	-
6º A - 6º B	-
6º B - 5º A	-

4 XOGADORAS
+
PORTEIRA

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
5º A																		
6º A																		
6º B																		

FUTBITO-NENOS.

Luns e Martes


Mércoles, Xoves e Venres.

3º e 4º.		5º e 6º.	
5º A - 3º B	-	5º A - 5º B	-
3º B - 4º (A-B)	-	6º A - 6º B	-
4º (A-B) - 3º A	-	5º B - 6º A	-
3º B - 3º A	-	6º B - 5º A	-
4º (A-B) - 3º B	-	6º A - 5º A	-
3º A - 4º (A-B)	-	5º B - 6º B	-
3º A - 3º B	-	5º B - 5º A	-
3º B - 4º (A-B)	-	6º B - 6º A	-
4º (A-B) - 3º A	-	6º A - 5º B	-
		5º A - 6º B	-
		5º A - 6º A	-
		6º B - 5º B	-

4 XOGADORES + PORTEIRO.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
3º A																		
3º B																		
4º A-B																		
5º A																		
5º B																		
6º A																		
6º B																		


PASATEMPOS



Busca o nome destas 7 froitas:

1. KIWI
2. PLÁTANO
3. SANDÍA
4. FRESA
5. MELÓN
6. MAZÁ
7. PERA

P	M	K	I	W	I	L
T	L	M	S	U	V	I
R	T	A	A	L	A	S
B	C	R	T	I	M	M
D	E	F	D	A	G	E
P	I	N	Z	J	N	L
K	A	A	L	M	N	O
S	A	S	E	R	F	N



Ana Menduiña Pastoriza. 5º B.

TRABALINGUAS:

Se che gostara o gosto que gusta o meu gosto, serías de igual gusto, pero como o teu gusto non goste ó gusto que gusta ó meu gusto, somos de distinto gusto.

David Iglesias Agulla. 5º B



Teño unha ovella pelia, melia, peluda, pelada, e polo seu lombo arrempenicada, pariu ós seus fillos pelios, melios, peludos, pelados, polo seu nome arrempenicados.

Na ponte de Lugo
hai un lobo rubio
roendo nun lobo duro.
¡Roe, lobo rubio,
roe nese lobo duro!

Bea, Nébeda e Lorena. 6º B.

HUMOR:

- ◆ Era un ladrón tan gordo, tan gordo, que a policía non tiña persoal para rodealo.
- ◆ - O meu can non ten nariz.
- ¿E como cheira?
- ¡ Uf, moi mal!
- ◆ Un home vai ó xastre para que lle fagan un traxe.
- ¿Canto me custará?
- Unhas 25.000 ptas.
- Entón faime un só bolsillo, ¡total os outros non me fan falta!

3º A.



CHISTES

- Si, gañei moitos cartos.
Adiqueime á venda de pombas mensaxeiras.

- ¿É un bo negocio?

- Si que o é.

- ¿Cantas vendeu?

- Unha, pero volve sempre á casa.

Javier 4º A.

- ¿Tén zapatos do 35?

- Non, de antes da guerra non temos nada.

Javier 4º A.

Vai un neno moi feo á pescadería e pide:

- ¿Póñenme bonito?

- Pero, neno, ¿ti cres que facemos milagres?

Javier 4º A.

Na clase: A ver, nenos, "Eu pido cartos a teu pai", ¿é tempo pasado, presente ou futuro?

- É tempo perdido.

+++++

- Papá, hoxe soñei que me dabas 100 ptas.

- Quédate con elas, fillo, quédate con elas.

+++++

- ¿Non viu vostede a luz vermella?, pregunta un garda a un conductor.

- Si que a vin.

- ¿E por que non parou?

- Porque ó que non vin foi a vostede.

4º B.



ESQUELETO HUMANO

- TIBIA
- PERONÉ
- FÉMUR
- ÚMERO
- CÚBITO
- RAIO
- CLAVÍCULA
- ESTERNÓN
- FALANXES

A	T	E	L	Q	U	S	I	M	O	N	A	H	Z	P	C	
B	I	V	S	A	Z	I	J	O	L	X	B	V	C	E	D	
O	B	R	A	T	K	J	I	A	F	J	F	M	A	R	B	
W	I	C	D	L	E	H	S	E	N	T	K	E	H	O	D	
G	A	D	H	A	C	R	P	R	O	I	A	R	U	N	G	
X	D	G	H	B	O	S	N	U	C	W	X	O	E	E	X	
S	I	D	I	D	M	N	L	O	K	O	I	P	V	W	S	
A	G	F	F	E	M	G	A	R	N	W	J	U	I	E	H	
Z	O	P	I	L	K	W	B	U	Z	X	R	X	E	N		
R	E	S	D	P	N	T	Q	X	Z	H	N	V	F	G		
U	R	G	G	Z	O	B	A	N	V	S	A	S	A	O	N	
L	T	X	O	F	T	Z	U	Q	I	T	L	U	M	C	E	R
Z	S	O	P	W	I	S	W	X	A	V	R	L	K	O	P	
F	E	M	U	R	B	K	P	F	Q	S	M	B	A	D	C	
U	S	I	X	O	V	D	X	R	P	W	T	S	Z	O	A	
C	L	A	V	I	C	U	L	A	Q	I	L	E	P	O	X	



Antia Millan Torres
4ºA

ADIVIÑAS



1. Choco me chamo, late o meu corazón, o que non o adiviñe é un tontarrón.
2. Nunha cova de madeira, unha mina de carbón.
3. No aire nace, no aire se mantén, abre a súa boca e perde canto tén.
4. Por máis que se soa, o moco lle colga
5. Barril con tapón, se lle dás con dous pauciños lógrase un bo son.
6. Brazos con brazos, panza con panza, rascando no medio faise a danza.
7. É unha cousa branca, branca, que se colle e non se aguanta.
8. Sen vacacións nos seus cursos, ó principio son guerreiros, soen nacer nas montañas e morrer de mariñeiros.
9. Tén grandes ollos, pero non ve nada; tén longas patillas, pero nunca anda.
10. Acabo cabeza arriba, empezo cabeza abaixo; e tan só a preguntar limitábase o meu traballo.



SOLUCIÓNS

1. Chocolate
2. Lápiz
3. Ourizo
4. O pavo
5. O tambor
6. A guitarra
7. A neve
8. O río
9. As gafas
10. A interrogación

Bea, Nébeda e Lorena. 6º B.
Silvia 6º A.
David, Tara e Toni 5º B.

REFRÁNS

- ◆ Coa proa dos barcos márcase o vento.
- ◆ Se a proa do barco vai e vén, o vento non se tén.
- ◆ O bo taberneiro bautiza o viño antes de vendelo.
- ◆ A castaña que cae no camiño é do veciño.
- ◆ Ó comer percebes mira o que bebes.
- ◆ O que non tapa a goteira, terá que facer a casa enteira.
- ◆ Cando as gaviotas bailan a muiñeira, hai que gardar o millo na eira.
- ◆ Maceiras na horta, rapaces á porta.
- ◆ ¿De Beluso? De alá fuxe.
- ◆ O que vai a San Andrés e corre pouco, vai nun mes e vén no outro.
- ◆ Ó pasar o San Martiño, deixa a auga e bebe o viño.
- ◆ Vendo beleza, todo home tropeza.
- ◆ O que sementa no camiño, perde o traballo e mailo millo.
- ◆ Home roxo e can rabelo, renega del coma do demo.
- ◆ É mellor unha boa barredura ca unha mala fregadura.
- ◆ Bótate a enfermar e saberás quen che quere ben e quen che quere mal.

3º A

6º A

Roberto e Toni 5º B





NADAL - 98